

## Cabo de Gata. Historia e naufraxios.

A costa agreste e recurtada polo vento do Cabo de Gata e unha das zonas máis fascinantes e sobrecolledoras do litoral peninsular. Unha paraxe insólita no surleste español, onde lateu un corazón volcánico hai millóns de anos.

A xeoloxía e a historia orixinaron unha terra e unha paisaxe repleta de vestixios das diversas culturas que aquí pelexaron pola súa supervivencia.

Compartindo clima e cultura co norte de África, os recursos ligados a agricultura alternanse con restos de fortificacións e construcións adicadas, na súa maioría, a funcións defensivas, como a Batería Fortificada de San Felipe, deseñada en 1735 durante o reinado de Carlos III e sacada do esquecemento en 1991 para a súa restauración.

A historia e a lenda van da man no castelo de San Pedro, construído en tres partes e en tres séculos diferentes. Entre ruínas doutro tempo domina un enclave privilexiado fronte a cala do mesmo nome. E segue aí, desde 1583.

Do mesmo xeito que os terremotos, os volcáns e os piratas, os naufraxios deixaron unha pegada indeleble na vida mergullada do Cabo de Gata. Un mosaico de microhábitats diversos arremuíñase baixo os canóns enferruxados da fragata El Aguila, unha embarcación do século XVII que nos fala de pechadas disputas sobre un mar antigo. Paradoxicamente, tras o seu afundimento e co paso dos séculos propiciou acubillo a novas formas de vida.

A confluencia de correntes atlánticas e mediterráneas propicia mais dun milleiro de especies baixo as augas deste mar. Cores verdes, moradas, vermellas ou alaranxadas destacan sobre o fondo mariño descubriendo un mundo de códigos secretos e fermosos.

Ao suroeste do cabo de Gata e a 40 metros de profundidade, nunha zona considerada de inmersión perigosa a causa das fortes correntes que a azoutan, atopamos un mercante afundido nos anos trinta. Cunha eslora de 75 metros, convertíuse en refuxio da fauna mariña e en soporte idóneo para os organismos filtradores. Malia a súa silueta e os seus perfis recoñecibles, ese anaco de historia do mar e xa un involuntario arrecife cun recubrimento vexetal e animal que aporta biodiversidade á comunidade.

Pero neste grande centro social onde a vida flúe con forza e milleiros de formas de vida danse cita para se alimentar, refuxiar ou reproducir, algúns peixes desprázanse con sixilo na espera dunha ocasión propicia.

Os depredadores, como o mero e a morea, deslizáanse polos labirintos da historia, agardando entre ferros e sombras o momento oportuno para capturar as súas presas.